

Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas

I. Incompatibilidade con actividades públicas

O funcionariado non poderá desempeñar un segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público a non ser que normativamente se declare a autorización da compatibilidade por razóns de interese público.

Para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non suporá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao estrito cumprimento de ambos.

O desempeño dun posto de traballo no sector público é incompatible coa percepción de pensión de xubilación ou retiro.

I.1. Actividades compatíbeis:

- 1) Poderá autorizarse a compatibilidade para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e duración determinada.
- 2) Aos catedráticos ou catedráticas e profesoras ou profesores titulares de Universidade e aos Catedráticos de Escolas Universitarias poderá autorizarse a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público sanitario ou de carácter exclusivamente investigador en centros públicos de investigación, dentro da área do seu departamento universitario e que veñan autorizados como de prestación a tempo parcial.
- 3) Aos Profesores ou ás profesoras titulares de Escolas Universitarias de Enfermería, poderá autorizarse a compatibilidade para o desempeño de un segundo posto de traballo no sector público sanitario.
- 4) Os funcionarios ou funcionarias pertencentes aos corpos de Catedráticos de Música e Artes Escénicas e Profesores ou profesoras de Música e Artes Escénicas poderán desempeñar un segundo posto de traballo nas escolas de música e nos conservatorios dependentes dos Concellos da Comunidade Autónoma de Galiza, sempre que esta segunda actividade se preste en réxime laboral, con duración determinada e cun horario semanal que non exceda de dez horas lectivas.
- 5) Formar parte das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas, agás que perciban retribucións periódicas polo desempeño da función ou que polas mes-

mas se estableza a incompatibilidade.

- 6) Integrar as Corporacións Locais, agás que desempeñen os mesmos cargos retribuídos e de dedicación exclusiva.
- 7) Poderá autorizarse, excepcionalmente, a compatibilidade para o exercicio de actividades de investigación, de carácter non permanente, ou de asesoramento en supostos concretos, que non correspondan ás súas funcións.

Declárase tamén de interese público, de acordo e cos efectos previstos no artigo 3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o exercicio da docencia nas ensinanzas de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño, co desempeño dos seguintes postos de traballo e actividades:

- a) Instrumentista, cantante ou director en orquestra sinfónica, banda sinfónica, ou coro de titularidade pública.
- b) Intérprete, escenógrafo, director ou actividade artística relacionada coa arte dramática en compañía de titularidade pública.
- c) Bailaríns, coreógrafos ou director en compañía de danza de titularidade pública.
- d) Profesional da restauración que desenvolva a súa actividade en institucións públicas.

En calquera caso, o desempeño do segundo posto de traballo ou actividade deberá ser en réxime laboral, a tempo parcial, e con duración determinada, e requirirá a previa e expresa autorización de compatibilidade.

A autorización de compatibilidade a que se refire o parágrafo anterior efectuarase en razón do interese público, e requirirá o cumprimento dos restantes requisitos esixidos na normativa de incompatibilidades.

2. Incompatibilidade con actividades privadas

O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento da compatibilidade. Este recoñecemento non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado ou da interesada e quedará automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto no sector público.

Poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico, ou concepto equiparábel, cuxa contía non supere o 30% das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade (non se computan os sexenios). Polo tanto, de superar esta cantidade, haberá que renunciar ao complemento específico.

2.1. Actividades incompatíbeis:

- a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, nos asuntos nos que estea intervindo, intervira nos dous derradeiros anos ou teña que intervir por mor do posto público. Especialmente as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.
- b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione a Administración onde presta os seus servizos o persoal afectado.
- c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministros, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou coa participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica das mesmas.
- d) A participación superior ao 10% no capital das devanditas empresas ou Sociedades.
- e) Non poderá recoñecerse compatibilidade para actividades privadas a quen desempeñe dúas actividades no sector público, agás no caso de que a xornada semanal de ambas actividades no seu conxunto sexa inferior a corenta horas.

2.2. Actividades exceptuadas do réxime de incompatibilidades:

- a) As derivadas da administración do patrimonio familiar ou persoal.
- b) A dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis de 75 horas ao ano, así como a preparación para o acceso á función pública cando non supoña unha dedicación superior a 75 horas anuais e non implique incumprimento do horario de traballo.
- c) A participación en Tribunais cualificadores de probas selectivas para o ingreso nas administracións públicas.
- d) A participación do persoal docente en exames, probas ou avaliacións distintas das que habitualmente lles correspondan.
- e) O exercicio do cargo de presidente, vocal ou membro de Xuntas reitoras de Mutualidades ou Padroados de Funcionarios, sempre que non sexa retribuído.
- f) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas de aquelas, sempre que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou prestación de servizos.
- g) A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comu-

nicación social.

- h) A colaboración e a asistencia ocasional a congresos, conferencias ou cursos de carácter profesional.

2.3. Responsabilidade disciplinaria:

O incumprimento das normas sobre incompatibilidades é unha falta moi grave de acordo co artigo 3º do Decreto 94/1991 polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración Galega.



Normativa:

- Lei 53/1984, do 26 de Decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.
- R.D. 598/1985, de 30 de Abril sobre Incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración Pública, do Estado, Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Decreto 22/1985 do 14 de Febreiro sobre a aplicación da Lei de Incompatibilidades na Administración Galega.
- Decreto 165/1989, do 27 de Xullo polo que se regula a aplicación da Lei de Incompatibilidades ao persoal que perciba complemento específico.
- Orde de 2 de Outubro de 1989 pola que se regula a aplicación do Decreto 165/1989 ao persoal docente non universitario.
- Decreto 39/1994, de 17 de Febreiro, polo que se declara de interese público a actividade realizada nas escolas de música e nos conservatorios de música dependentes dos Concellos da Comunidade Autónoma de Galiza.
- Decreto 181/2006, do 19 de outubro, polo que se declara de interese público a compatibilidade da impartición de ensinanzas de música e artes escénicas, artes plásticas e deseño coa actividade realizada noutro posto do sector público cultural.